



**Resolución do reitor da Universidade de Santiago de Compostela do 12 de marzo de 2020 pola que se establece a suspensión temporal da actividade docente presencial e outras medidas preventivas e recomendacións de saúde pública como consecuencia da situación, evolución e perspectivas do coronavirus (COVID-19).**

De acordo coas decisións adoptadas hoxe mesmo pola Xunta de Galicia, oído o Comité de Seguimento do coronavirus (COVID-19) constituído, e á vista da situación, evolución e perspectivas deste e as particularidades que presentan os campus da Universidade de Santiago de Compostela, reunido o Equipo de Goberno da USC, esta reitoría, no exercicio dos principios sobre os que se sustenta a autonomía universitaria, e no marco das competencias que lle recoñecen a Lei Orgánica de Universidades 6/2001 e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela publicados por Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro,

**RESOLVE**

**Primeiro.** Suspender de xeito temporal toda actividade docente presencial no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela, incluíndo as actividades docentes prácticas que se realizan en empresas, organismos e institucións.

**Segundo.** Encomendar á Xerencia desta Universidade a adopción das actuacións necesarias para compatibilizar o axeitado funcionamento dos distintos Servizos e a conciliación da vida familiar, facendo uso de medidas como o sistema de teletraballo ou a reordenación das quendas de traballo.

**Terceiro.** Encomendar á Secretaría Xeral e ás vicerreitorías con competencias nas materias correspondentes arbitrar os sistemas de videoconferencia, traballo colaborativo e ensinanza virtual para substituír a actividade docente presencial, así como facer posibles as actividades de investigación, doutoramento, transferencia e innovación, extensión universitaria e difusión da cultura de maneira compatible con sistemas que minimicen as reunións presenciais.

**Cuarto.** Determinar o peche temporal das instalacións deportivas así como a suspensión das actividades deportivas organizadas pola propia Universidade.

**Quinto.** Pechar a Escola Infantil Breogán con efectos do 16 de marzo.

**Sexto.** Solicitar ao Persoal Docente e investigador, Persoal Investigador, Persoal de Administración e Servizos e Estudiantado a máxima colaboración para seguir as recomendacións de saúde pública formuladas polo Comité de Seguimento do COVID-19 da USC así como polas entidades e organismos competentes.

**Sétimo.** Esta resolución, e as medidas establecidas, producirán efectos desde o día 13 de marzo, salvo o referido á Escola Infantil Breogán, que se pechará con data de 16 de marzo.

No día de mañá, ditaranse instrucións para facer efectivas as medidas acordadas no día de hoxe.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2020

O Reitor  
Antonio López Díaz